

O OBXECTO POÉTICO E A EDICIÓN
Dúas achegas
dende o surrealismo

COLECCIÓN FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL

Do 17 de febreiro ao 1 de maio de 2011

VERBUM

O OBXECTO POÉTICO E A EDICIÓN: DÚAS ACHEGAS DENDE O SURREALISMO é unha incursión no surrealismo mediante un proxecto expositivo realizado *ad hoc* para o *Verbum - Casa das Palabras*, da man da Fundación Granell.

No surrealismo a percepción poética da vida e da arte é un dos seus principais alicerces. De facto, a vangarda nace en primeira instancia como movemento literario. Pero para eles a poesía non é soamente os versos e os poemas en prosa: a poesía é a calidade de certas cousas en funcións que existe mesmo alá onde non se trata de arte. Así a exposición está conformada por unha coidada selección de obxectos de artistas clásicos do surrealismo internacional como Eugenio Granell, Ludwig Zeller ou Susana Wald, e de artistas vinculados ao mesmo, da talla de Marcell Duchamp, así como doutros autores e autoras que continúan hoxe en día realizando novas contribucións ao movemento.

A mostra achéganos asemade á complexidade e actualidade do movemento a través dunha selección das súas publicacións. A revista surrealista é unha ferramenta fundamental para os creadores plásticos e literarios, tanto como foro válido no que debater ideas éticas e estéticas, como a modo de escaparate e sistema de difusión das súas pezas, e ás veces, tamén como único medio de edición para as súas creacións.



Fundación EUGENIO GRANELL

Avenida de Samil 17
36212 Vigo
T +34 986 240 130
F +34 986 240 633
verbum@vigo.org
www.verbum.vigo.org